



Concello de Vilariño de Conso

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A TRABALLADORES AUTÓNOMOS DO CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO DURANTE O ANO 2023.

O Ilmo. Concello de Vilariño de Conso, consciente da súa responsabilidade en materia de traballo autónomo e recoñecendo a labor que ven desenvolvendo este colectivo no desenvolvemento económico e mantemento demográfico no eido rural, elabora esta Convocatoria de Axudas tanto para o establecemento como para o mantemento da actividade autónoma no municipio, co obxecto de apoiar o emprego autónomo por conta propia, contribuíndo á xeración de emprego e riqueza económica e social da zona.

BASES DO PROGRAMA PARA A CONVOCATORIA DE AXUDA

1.- Obxecto e finalidade da convocatoria:

Esta convocatoria de axuda ten como finalidade tanto o establecemento como a consolidación de proxectos de carácter agrícola, gandeiro e empresarial que veñan desempeñando os autónomos por conta propia no Concello de Vilariño de Conso, co fin de contribuír á súa mellora competitiva. O obxectivo específico desta subvención é axudar no pagamento das cotizacións á seguridade social tanto no réxime especial agrario, gandeiro e réxime de autónomos xerais.

2.- Financiamento:

O financiamento da subvención será con fondos propios do Concello, con cargo a partida orzamentaria 414/480

O importe máximo previsto para estas axudas é de 13.000 € para o ano 2023.

3.- Contía da axuda:

O importe da subvención ou axuda por beneficiario será como máximo de 300 €.

Soamente obterá a axuda un autónomo por unidade familiar.

No caso de que polo número de solicitantes que resulten beneficiarios se superase o importe máximo previsto (13.000 €) procederase ao prorrateo correspondente entre todos os que resulten beneficiarios, de xeito que non se supere o crédito global consignado de 13.000 €.

No caso dos novos autónomos, o importe da axuda por beneficiario establecerase en función dos meses que leve dado da alta na actividade.

4.- Requisitos dos beneficiarios:





Concello de Vilariño de Conso

Poderán acollerse ás axudas desta convocatoria as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

-Autónomos agrarios e gandeiros por conta propia, con actividade económica produtiva autónoma, que realicen a actividade no Concello de Vilariño de Conso, durante algún período do ano 2023.

-Autónomos empresarios, sempre que a actividade económica produtiva que realicen sexa autónoma, que estea legalmente constituída e inscrita no rexistro correspondente, con domicilio fiscal e social no Concello de Vilariño de Conso, durante algún período do ano 2023.

-Estar empadroados e residir efectivamente no municipio de Vilariño de Conso como mínimo durante o último ano anterior á data da convocatoria destas bases (este requisito comprobarase de oficio polo Concello).

En todo caso, so poderán ser beneficiarios das presentes axudas, unha persoa por unidade familiar.

5.- Prazo de presentación:

O prazo de presentación das solicitudes será dende o día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e ata o día 1 de Decembro de 2023.

6.- Solicitude da subvención:

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vilariño de Conso, e achegarán a seguinte documentación:

- Solicitude debidamente cumprimentada nos modelos oficiais destas bases.
- Fotocopia do DNI do solicitante.
- Documentación acreditativa do exercicio da actividade económica, local social e localización da actividade.
- Declaración responsable de non ter solicitado nin obtido ningunha outra subvención, axuda, ingreso ou recurso para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración ou ente público ou privado que resulte incompatible coa presente axuda.
- Declaración responsable de que se compromete a cumprir as obrigas que para as persoas perceptoras das axudas e subvencións establece o artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Declaración responsable de cumprimento de todos os requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

7.- Órgano de instrución:

A competencia de instrución do procedemento de concesión, corresponderalle á





Concello de Vilariño de Conso

axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Vilariño de Conso.

8.- Procedemento de concesión:

O órgano instructor, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, revisará a documentación presentada. No caso de que todas ou algunhas das solicitudes non reúnan a documentación esixida, ou a presentada se considere insuficiente, requirirá aos interesados para que no prazo máximo de 5 días hábiles emenden as deficiencias detectadas e aporten o solicitado. No caso de que en dito prazo non emenden as deficiencias indicadas, nin aporten a documentación requirida, entenderase que desisten da súa petición de axuda.

9.- Resolución da concesión da subvención:

O órgano instructor, unha vez completado o expediente, emitirá o correspondente informe e proposta de concesión ou denegación. Unha vez valoradas, elevará a proposta de concesión/denegación á Alcaldía que resolverá motivadamente. A resolución de Alcaldía será notificada aos interesados segundo o previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común. A resolución da Alcaldía esgota a vía administrativa.

Os beneficiarios deberán comunicar expresamente ao Concello, no prazo de cinco días dende a recepción da notificación da resolución, a aceptación ou non da axuda concedida. No caso de non efectuar a comunicación darase por aceptada axuda concedida.

10.- Xustificación e pago da subvención:

A subvención xustificarse mediante a presentación dos seguintes documentos:

- Solicitud de pago debidamente cumprimentado no modelo oficial destas bases.
- Informe de vida laboral actualizado.
- Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias (estatal e autonómica), da Seguridade Social e de non ter débedas coa Facenda Local.
- Xustificantes do pagamento das cotas correspondentes ás cotizacións á Seguridade Social.
- Certificado da conta bancaria a nome do solicitante.

Procederáse á liquidación e pagamento da axuda aos beneficiarios, unha vez que a mesma se xustifique debidamente. En todo caso a documentación xustificativa do gasto deberá de presentarse antes do 16 de decembro de 2023.

11.- Réxime de compatibilidade. Publicidade:

Estas axudas serán compatibles con calquera outra axuda ou ingreso para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou Ente Público ou privado, da Comunidade Autónoma, Estatal ou da Unión Europea.





Concello de Vilariño de Conso

As subvencións concedidas serán obxecto de publicación nos termos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, e Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, Lei 38/2003, de 17 de novembro e demais normativa aplicable.

12.- Remisión normativa:

Para todo o non previsto nestas bases observarase o previsto na lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia; Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e demais normativa de aplicación.

13.- Protección de datos:

Segundo o establecido na vixente normativa de protección de datos (Regulamento (UE) 2016/679 – Regulamento Xeral de Protección de Datos – RXPDP), informáse que os datos persoais que sexan facilitados para participar na convocatoria de axudas establecidas nas presentes bases, serán tratados por parte do Concello de Vilariño de Conso con NIF: P3209330G coa finalidade de tramitar e xestionar a solicitude de axudas a traballadores autónomos do Concello de Vilariño de Conso durante o ano 2023. O tratamento baséase no artigo 6.1.e) do RXPDP: cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento: Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación aplicable no Concello.

Non están previstas comunicacións a terceiros salvo obriga legal, nin están previstas transferencias a terceiros países ou organismos internacionais.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Vilariño de Conso poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación do tratamento, mediante escrito dirixido ao Concello de Vilariño de Conso- Rúa do Museo nº 3 (32557) Vilariño de Conso (Ourense) indicando no asunto: Ref. Protección de Datos, ben presencialmente ou a través do correo electrónico: concello.vilarinodeconso@eidolocal.es

Se no exercicio dos seus dereitos non fora debidamente atendido poderá presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos. Sede electrónica: <https://sede.agpd.gob.es>

Polo que respecta a todas as cuestións relativas ao tratamento dos seus datos persoais os interesados poderán poñerse en contacto co Concello de Vilariño de Conso a través do seguinte enderezo de correo electrónico: concello.vilarinodeconso@eidolocal.es ou co seu Delegado de Protección de Datos: lopdp@edora.es





Concello de Vilariño de Conso

a) Base xurídica	RXPD: 6.1.c) Tratamento necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento. Lei 38/2003, de 17 de novembro, de Subvencións.
b) Fins do tratamento	Tratamento da solicitude de acollerse á subvención ou axuda prevista polo Concello segundo bases ou normas reguladoras da correspondente convocatoria ou axuda de que se trate. Xustificación do cumprimento dos requisitos establecidos para a concesión das subvencións ou axudas outorgadas.
c) Colectivo	Persoas que soliciten acollerse ás subvenciones ou axudas establecidas en cada caso, así como representantes das entidades que igualmente soliciten acollerse ás mesmas.
d) Categorias de Datos	Nome e apelidos, DNI, enderezo, datos económico-financeiros.
e) Categoría destinatarios	Non están previstas cesións dos datos.
f) Transferencia Internacional	Non están previstas transferencias internacionais dos datos.
g) Prazo supresión	Conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.
	Concello de Vilariño de Conso.





Concello de Vilariño de Conso

h) Entidade responsable	
En cumprimento co Regulamento Xeral de Protección de datos (RXPd), pódese consultar a política de privacidade do Concello de Vilariño de Conso no seguinte enderezo web: https://vilarinodeconso.sedelectronica.gal/	

En Vilariño de Conso, na data sinalada á marxe.

A ALCALDESA

D^a. Melisa Macía Domínguez.

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

PROCEDEMENTO			DOCUMENTO
AXUDAS PARA AUTÓNOMOS NO CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO 2023.			SOLICITUDE
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
TIPO	NOME DA VÍA		NÚMERO





Concello de Vilariño de Conso

CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO	
NOME DA ACTIVIDADE				
DOMICILIO SOCIAL E FISCAL DA ACTIVIDADE				
TIPO	NOME DA VÍA			NÚMERO
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO	
DATOS BANCARIOS				
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.				
TITULAR DA CONTA		NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)		
		IBAN		
AXUDA QUE SOLICITA		IMPORTE		

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA	
	PRESENTADO
* DNI ou NIF da persoa solicitante	0
* Documentación acreditativa do exercicio da actividade económica, local, social e localización da actividade.	0
* Declaración responsable e xurada, de que cumpre cos requisitos para poder ser beneficiario dunha axuda de conformidade co establecido no artigo 10 da lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.	0

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE





Concello de Vilariño de Conso

Lugar e data

No cumprimento do establecido na lei 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de carácter persoal, consinto que estes datos sexan incluídos no ficheiro de que é titular o Concello de Vilariño de Conso, e que poidan ser empregados coa finalidade de servizo para o proceso de solicitude. Declaro estar informado sobre os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que pondera exercer no domicilio social do Concello. Consinto ademais que os meus datos sexan comunicados a aqueles organismos ou Administración que sexa preciso para o proceso de tramitación desta expediente

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DECLARACIÓN RESPONSABLE

En cumprimento do disposto na lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia; lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1.- Que todos os datos apuntados na solicitude de axuda son certos e que reúno as condicións para obter a axuda.

2.- Non estar incurso en ningún dos supostos contemplados no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.





Concello de Vilariño de Conso

4.- Que non teño solicitado nin obtido ningunha outra subvención, axuda, ingreso ou recurso para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración ou ente público ou privado que resulte incompatible coa presente axuda.

5.- Que me comprometo a cumprir as obrigas que para as persoas perceptoras das axudas e subvencións establece o artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

6.- Ser titular da conta bancaria apuntada na solicitude.

7.- Da autenticidade dos documentos que se aportan como anexos a solicitude da axuda.

E para que así conste, asino a presente declaración, e **SOLICITO** a concesión da axuda por importe de amparado o disposto nas bases do Decreto que regula as axudas para Autónomos 2022.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE					
Lugar e data					
		d		de	
		e			

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN A TRABALLADORES AUTÓNOMOS ANO 2023

SOLICITUDE DE PAGAMENTO				DOCUMENTO
AXUDAS PARA AUTÓNOMOS NO CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO				SOLICITUDE
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE				
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NÚMERO
CÓDIGO	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	

Cod. Validación: 45RGFZPE475ZJTW9NPMWNLGN7
Corrección: <https://vilariñoconso.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 12





Concello de Vilariño de Conso

POSTAL			
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	
NOME DA ACTIVIDADE			
DOMICILIO SOCIAL E FISCAL DA ACTIVIDADE			
TIPO	NOME DA VÍA		NÚMERO
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA	
	PRESENTADO
* Informe de vida laboral actualizado.	0
* Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias (estatal e autonómica), da Seguridade Social e de non ter débedas coa Facenda Local.	0
* Xustificantes do pagamento das cotas correspondentes ás cotizacións á Seguridade Social.	0
* Certificado da conta bancaria a nome do solicitante.	0





Concello de Vilariño de Conso

Que en data..... recibín a resolución de concesión de **AXUDAS A TRABALLADORES AUTÓNOMOS DO CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO DURANTE O ANO 2023 polo que, SOLICITO** o pagamento da liquidación correspondente á subvención concedida, de conformidade coa documentación que se achega para estes efectos.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE					
Lugar e data					
		d		de	
		e			

DOCUMENTO DE AUTORIZACIÓN PARA CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

NOME:

DNI:

DIRECCIÓN:

TELÉFONO:

Co fin de tramitar a as subvencións a traballadores autónomos do Concello de Vilariño de Conso, AUTORIZO ó Concello de Vilariño de Conso a incorporación e publicación dos datos persoais facilitados:





Concello de Vilariño de Conso

- Na web municipal.
- No Taboleiro de anuncios do Concello de Vilariño de Conso.
- Na BDNS ([Base de Datos Nacional de Subvencions](#))

A presente autorización pode ser revocada en calquera momento mediante escrito dirixido ó Concello de Vilariño de Conso.

DEBERASE ASINAR a presente autorización polo solicitante

Asdo. : _____

Data: _____

